

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 12 DE XANEIRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

#### DECRETOS

#### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Arcillá-Bestar-Vilar-Sisoi (Cospeito, Lugo).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Lamas (Cospeito, Lugo).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Roás (Cospeito, Lugo).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Lamas-Loureda-Sergude-Vigo (Boqueixón, A Coruña).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Baltar-Golán-Grobas (Melide, A Coruña).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Herbón (Padrón, A Coruña).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Freixeiro (Santa Comba, A Coruña).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Castenda da Torre (Tordoia, A Coruña).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Montes de Fao e Novefontes (Touro, A Coruña).

### ACORDOS

#### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se toma razón da Resolución do 12 de decembro de 2022, do director da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a renovación de electrodomésticos, en réxime de concorrencia non competitiva, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2023.

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para actuacións de mellora das infraestruturas dos establecementos turísticos de aloxamento e de restauración da Comunidade Autónoma de Galicia e se establece a súa convocatoria por anticipado de gasto para o ano 2023.
- Acordo polo que se toma razón do Proxecto de Revalorización da Ruta Xacobeá Marítimo Fluvial Mar de Arousa- Río Ulla.

#### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se toma razón da aprobación pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da publicación da "Guía de boas prácticas nos carteis publicitarios" da Colección Paisaxe Galega do ano 2022.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se aproba a Estratexia para mellorar o saneamento e a depuración das rías galegas. 2023-2027.

### **CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E IGUALDADE**

- Acordo polo que se amplía a Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego e se dá conta das actividades realizadas no ano 2022.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se aproba continuar o programa de actuacións en favor do sector cárnico galego, coa publicación das novas axudas temporais e excepcionais ás persoas produtoras de carne para compensar as dificultades económicas derivadas da invasión rusa de Ucraína.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Poio (Pontevedra) para a execución das actuacións de mellora do borde portuario de Raxó (Poio) e xestión e mantemento das instalacións municipais adicadas aos servizos públicos de saneamento, abastecemento e outros no dominio público portuario competencia de Portos de Galicia, por un importe total de novecentos doce mil seiscientos cincuenta e dous euros con noventa e un céntimos (912.652,91€).

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Informe sobre as bolsas excelencia mocidade exterior (BEME) para cursar estudos de máster no Sistema universitario de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Informe sobre o impacto nas finanzas autonómicas das medidas impositivas aprobadas no RD Lei 20-2022

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a intensificación da actividade asistencial e a redución das listas de espera.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE**

- Informe sobre a licitación de solucións tecnolóxicas para o despregamento da teleasistencia avanzada nas residencias públicas de Galicia.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre a cadea forestal-madeira de Galicia 2021-2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APROBA O DECRETO QUE DESENVOLVE A LEI DE COORDINACIÓN DE POLICÍAS LOCAIS DE GALICIA

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o texto, que unifica os criterios de organización, actuación, formación, uniformidade e medios e recursos técnicos á disposición dos axentes destes corpos de seguridade
- O decreto regula as opcións para a promoción e mobilidade con ascenso do persoal, ao permitir, en ambos os casos, acceder desde a categoría inmediata inferior
- Para o ingreso nos corpos de policía local é preciso superar un curso selectivo obrigatorio de 850 horas na AGASP e 500 horas de prácticas nos corpos policiais

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regula o desenvolvemento da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais de Galicia, que define o marco regulador desta competencia e unifica os criterios de organización, actuación, formación e uniforme do persoal, así como a homoxeneización dos recursos técnicos e materiais á súa disposición.

Ademais, recolle a creación e estrutura dos corpos de policía local, os procesos para o ingreso e acceso ás distintas categorías e escalas dos corpos policiais, a mobilidade, os cursos de formación selectivos e permanentes, o réxime estatutario e a acreditación, ou as especificidades do persoal vixiante municipal e dos auxiliares de policía local.

O texto integra e actualiza a normativa actualmente dispersa en materia de coordinación de policía locais en tres decretos distintos. Trátase do Decreto 243/2008 de desenvolvemento da Lei 4/2007 de coordinación de policía locais, posteriormente modificado polo Decreto 77/2010, e do Decreto 60/2010 de acreditación, uniformidade e medios técnicos á disposición de policía locais. Coa aprobación do novo decreto quedarán derogados estes tres.

O decreto será de aplicación os corpos de policía local dos concellos galegos e ao seu persoal, incluíndo os auxiliares de policía local contratados cando sexa preciso e tamén os vixiantes municipais nos municipios sen corpo de policía local.

Sobre os aspectos da norma relacionados coa formación deberán rexerse os alumnos da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). Para ingresar nos corpos de policía local é necesario superar un curso selectivo obrigatorio teórico-práctico de 850 horas como mínimo na AGASP, ademais dun período de prácticas de 500 horas nos respectivos corpos policiais. A Academia é o centro de referencia da selección de policía locais en Galicia a través das oposicións unificadas dos concellos que así o decidan de forma voluntaria, un total 89 na actualidade. Tamén se encarga de actualizar os coñecementos

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

das forzas e corpos de seguridade que traballan en Galicia e dos efectivos dos servizos de emerxencias coa ampla oferta formativa do seu plan anual de actividades con base nas demandas dos concellos e colectivos relacionados con este ámbito.

Cómpre aclarar que o acceso nas escalas superior (superintendente), técnica – (intendente principal e intendente), executiva (inspector principal e inspector) e básica (oficial) realizarase por promoción interna ou mobilidade con ascenso. Na outra das categorías de escala básica -a de policía- e en calquera subescala facultativa das escalas anteriores para prestar apoio ás funcións policiais o ingreso levarase a cabo o acceso por oposición libre. As persoas que xa sexan funcionarias dos corpos de policía local da comunidade autónoma tamén poderán acceder á subescala facultativa polo sistema de concurso-oposición.

Canto ás novidades máis destacadas, regularase a ampliación das opcións para a promoción e a mobilidade do persoal ao permitir en determinados supostos a promoción interna desde a segunda categoría inmediata inferior e a mobilidade con ascenso desde a inmediata inferior. Neste último caso, realizarase nos casos que as prazas non se cubren por promoción interna.

En concreto, por promoción interna mediante concurso-oposición accederase ás categorías de oficial, inspector, inspector principal e intendente dende as categorías inmediatas inferiores; e polo mesmo sistema ás de inspector, inspector principal e intendente desde as de policía, oficial e inspector, respectivamente. Por concurso, tamén desde categorías inmediatas inferiores, poderase ascender a intendente principal e superintendente.

Mediante a mobilidade con ascenso o persoal funcionario doutros corpos de policía local de Galicia poderá optar a unha categoría inmediata superior por concurso-oposición nos casos de oficial, inspector, inspector principal e intendente cuxa cobertura non fose posible por promoción interna ou pola provisión de postos vacantes por mobilidade horizontal.

A Xunta dá deste xeito resposta ás demandas de concellos, asociacións profesionais e organizacións sindicais que solicitaban unha nova regulación dos procesos de mobilidade do persoal dos corpos de policía local, a maiores da mobilidade horizontal.

Respecto precisamente á mobilidade horizontal, a modificación desta Lei 4/2007 levada a cabo en decembro do ano pasado regulaba este aspecto, que agora se incluírá no novo decreto. Así, no canto de configurarse como un sistema de acceso a diferentes categorías dos corpos de policía local pasase a configurarse como un sistema de provisión de prazas vacantes. O persoal policial poderá optar a vacantes da súa mesma

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

categoría noutros corpos de policía local de Galicia nestes procedementos de mobilidade horizontal sempre que se acredite máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino.

O proxecto de decreto foi informado de xeito favorable polos membros da Comisión de Coordinación das Policía Local. Tamén foi adaptado ao informe da asesoría xurídica da Xunta e ao ditame do Consello Consultivo e conta actualmente con todos os informes requiridos.

Desde a súa entrada en vigor aos 20 días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), todos os concellos terán un prazo dun ano para adaptar os regulamentos internos das súas policía locais ao previsto neste decreto e de dous anos para a aprobación destes regulamentos.

Á marxe desta norma, a Xunta insta ás entidades locais que empreguen a nova aplicación informática do Rexistro de Policía Local de Galicia (Repolga), unha ferramenta máis áxil e eficaz que recolle os datos actualizados de todos 127 concellos con corpos policiais e 11 con vixiantes municipais (11) para dotar ao rexistro de máis operatividade e funcionalidade con base nas súas necesidades actuais.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# RUEDA ANUNCIA NOVE CONCENTRACIÓNS PARCELARIAS EN SETE CONCELLOS QUE REORGANIZARÁN MÁIS DE 8.900 HECTÁREAS E BENEFICIARÁN A 5.600 PROPIETARIOS

- O Consello da Xunta aprobou hoxe os decretos que inician procesos nos municipios de Touro, Boqueixón, Padrón, Santa Comba, Tordoia, Melide e tres en Cospeito, dos que se beneficiarán máis de 5.600 propietarios
- O presidente enzalza a concentración parcelaria como un “instrumento fundamental” para o desenvolvemento do agro galego e considérao “moi importante” na prevención de lumes nos montes da comunidade
- Salienta que, entre os anos 2021 e o que levamos de 2023, decretáronse 27 novas concentracións, coas nove de hoxe, que abarcan un total de 22.589 ha e 107.317 parcelas de 15.387 titulares
- Defende o investimento “forte” que leva realizando a Xunta neste ámbito, con 118 M€ desde 2009, e anuncia que no 2023 incrementaranse ata os 17 M€ a partida para continuar con estes procesos

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, puxo en valor a aprobación hoxe no Consello da Xunta de novas concentracións parcelarias. Trátase dun total de nove, localizadas en sete concellos galegos e que reorganizarán máis de 8.900 hectáreas de terro e beneficiarán a 5.600 propietarios.

Rueda enzalzou a figura da concentración parcelaria por ser “instrumento fundamental” para o desenvolvemento do agro galego xa que, segundo esgrimiou, permite reducir custos ás explotacións; axuda a fixar poboación; ademais de que a considerou como “moi importante” na prevención de lumes nos montes da comunidade.

O mandatario galego precisou que as concentracións parcelarias aplicaranse en Montes de Fao e Novefontes (Touro), Lamas-Loureda-Sergude-Vigo (Boqueixón), Herbón (Padrón), Freixeiro (Santa Comba), Castenda (Tordoia), Baltar-Golán-Grobas (Melide) e as de Arcillá-Bestar-Vilar-Sisoi, Lamas e Roás (as tres en Cospeito). Son, en total, 562 explotacións activas situadas nestes municipios, de aí a necesidade de reorganizar o territorio para mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias da zona.

Rueda salientou o “investimento forte” en concentración parcelaria por parte da Xunta, xa que se leva achegado máis de 118 millóns de euros desde 2009 e adiantou que o Goberno galego seguirá a traballar nesta dirección. De feito, anunciou que no 2023 incrementárase ata os 17 millóns de euros a partida para continuar con estes procesos.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### Procesos decretados e rematados

O presidente da Xunta apuntou que, desta forma, entre os anos 2021 e o que levamos de 2023, decretáronse 27 novas concentracións parcelarias en Galicia, que abarcan un total de 22.589 ha e 107.317 parcelas de 15.387 titulares.

Cabe sinalar que, con estes decretos, a Xunta cumpre o seu compromiso de decretar unha nova concentración parcelaria por cada proceso finalizado. Desta forma, conséguese loitar contra o abandono das terras, anticiparse aos incendios forestais e fixar poboación no medio rural que permita facer rendible a actividade produtiva co aumento da base territorial das explotacións.

Entre o ano 2020 e o 2022, a Xunta rematou un total de 24 concentracións parcelarias, que abarcaron unha superficie total de máis de 17.400 hectáreas, beneficiando preto de 11.300 propietarios que recibiron máis de 25.500 títulos de propiedade. En ambos os casos, o obxectivo é acadar a trintena de procesos -decretados e finalizados- no primeiro semestre deste ano.

### Lei de recuperación

As concentracións parcelarias son unha ferramenta fundamental para paliar o minifundismo presente na nosa comunidade, desde o punto de vista da estrutura da propiedade. De aí que se investisen nos distintos procesos de concentración máis de 118 millóns de euros desde o ano 2009, e o orzamento previsto para 2023 é de 17 millóns.

Por iso, a Xunta seguirá impulsando estes procesos da man da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que veu complementar e desenvolver o marco legal actual, para culminar un camiño iniciado pola Lei da mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga).

Así, na nova lei apóstase ademais por mecanismos de mobilización voluntarios que permitan unha maior participación dos interesados na explotación das terras, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta da terra, as aldeas modelo ou as permutas de especial interese agrario, entre outras. Desta forma, estase a mellorar a estrutura territorial das explotacións agrogandeiras e forestais galegas, favorecendo a súa rendibilidade.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APOIARÁ A RENOVACIÓN DE ELECTRODOMÉSTICOS EN 20.000 FOGARES GALEGOS QUE AFORRARÁN 800.000 EUROS AO ANO NA SÚA FACTURA ENERXÉTICA**

- No contexto do Plan de medidas específicas para o comercio galego, o Goberno autonómico aproba a convocatoria do programa Galicia Renova Electrodomésticos, que conta cun orzamento de 3 millóns de euros
- Con esta iniciativa facilitarase nos fogares galegos a renovación de frigoríficos e conxeladores, lavadoras, lavalouzas e de encimeras
- Os consumidores máis vulnerables terán unha intensidade de axuda superior, que pode chegar ao 75 % do custo e ata 450 € por electrodoméstico
- O prazo de adhesión de establecementos abrirase o 18 de xaneiro e a de solicitude de axudas por parte dos consumidores será a partir do 8 de febreiro
- Os apoios favorecerán a mobilización directa de 10,5 millóns de euros, así como unha redución de emisións de CO2 equivalente á acción de 60.000 árbores e a creación ou mantemento de preto de 150 empregos

O Consello da Xunta acordou poñer en marcha unha nova convocatoria de axudas para favorecer a renovación de electrodomésticos nos fogares galegos que, durante este ano 2023, permitirá que 20.000 familias galegas poidan aforrar 800.000 euros anuais na súa factura enerxética.

Enmarcada no Plan de medidas específicas para o comercio galego e co obxectivo de apoiar a transición enerxética, os apoios do programa Galicia Renova Electrodomésticos están dirixidos a persoas que residan en vivendas localizadas en Galicia e queiran renovar os seus equipos por outros da mesma tipoloxía e coa seguinte cualificación enerxética: frigorífico ou frigorífico conxelador A, B, C ou D; conxelador A, B, C ou D; lavadora A, B ou C; lavalouza A, B ou C; ou placas de cociña de indución total.

As axudas, ás cales a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación destina un total de 3M€, serán de concorrencia non competitiva -por orde de solicitude- e tramitadas a través de entidades colaboradoras. Deste xeito, o orzamento incrementase nun millón de euros, un 50 % máis que na convocatoria de 2022.

Os apoios poderán acadar o 25 % do prezo do electrodoméstico para un consumidor xeral e do 50 % ou 75 % para os consumidores con máis dificultades, polo que, segundo a tipoloxía de electrodoméstico e o consumidor, as axudas irán desde os 100 aos 450 euros. Cada beneficiario só poderá recibir unha axuda para cada unha das tipoloxías cun máximo de tres electrodomésticos por beneficiario.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego prevé, con esta nova convocatoria, unha mobilización de 10,5 M€, aforros económicos anuais de 800.000 euros, unha redución do consumo enerxético de 4000 MWh/ano, unha diminución das emisións de CO2 equivalente á plantación de 60.000 árbores e o mantemento ou creación de preto de 150 postos de traballo, entre directos e indirectos.

Galicia avanza, polo tanto, na transición enerxética promovendo un cambio cultural que proporciona ás familias as ferramentas necesarias para a descarbonización da economía a través deste programa para a renovación de electrodomésticos, pero tamén do fomento das renovables, o autoconsumo eléctrico ou da promoción da mobilidade sustentable.

Preténdese non só a redución dos custos enerxéticos e a mellora da calidade de vida ligada ao coidado ambiental, senón tamén contribuír á dinamización comercial, xa que se agarda a adhesión de ao redor de 500 establecementos a esta iniciativa.

Neste sentido, as entidades colaboradoras poderán adherirse desde o 18 de xaneiro, ao día seguinte da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e ata o 30 de xuño, mentres que os particulares poderán solicitar as axudas a partir do 8 de febreiro e ata que se esgote o crédito, e a data límite é o 30 de setembro.

Estas axudas alcanzan a súa cuarta convocatoria consecutiva desde 2020, posibilitando nos tres últimos anos un total de 45.622 actuacións, o que serviu como medida para reactivar a actividade comercial e facer fronte tanto aos efectos da pandemia neste sector como aos elevados prezos enerxéticos.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INCREMENTA NUN 75 % AS AXUDAS PARA ACTUACIÓN DE MELLORA NOS ESTABLECEMENTOS DE ALOXAMENTO E RESTAURACIÓN GALEGOS QUE CONTARÁN ESTE ANO CON 3,5 MILLÓNS DE EUROS**

- O obxectivo principal destas axudas é incentivar a mellora das instalacións e infraestruturas destes establecementos co fin de consolidar unha oferta turística de calidade
- Os aloxamentos poderán contar con 2,7 millóns de euros, un 125 % máis que no ano 2022. O importe destinado aos locais de restauración mantense nos 800.000 euros da anterior convocatoria

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe que establece as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das axudas para actuacións de mellora das infraestruturas dos establecementos turísticos de aloxamento e restauración galegos por importe de 3,5 millóns de euros, o que supón un incremento dun 75 % respecto a convocatoria do pasado ano.

O obxectivo principal destas axudas é incentivar a mellora das instalacións e infraestruturas destes establecementos co fin de consolidar unha oferta turística de calidade, xa que o sector turístico ten un gran valor estratéxico na economía galega. Os aloxamentos poderán contar cunha axuda de 2,7 millóns de euros, un 125 % máis que no ano 2022. O importe destinado a locais de restauración mantense nos 800.000 euros da anterior convocatoria. Os proxectos poderán acadar unha subvención de ata o 60 % e o importe máximo da axuda a cada entidade beneficiaria será de 60.000 euros.

Poderán ser persoas beneficiarias as persoas físicas e xurídicas titulares dos establecementos hoteleiros, campamentos de turismo, establecementos de turismo rural, apartamentos turísticos e albergues turísticos; así como as empresas de restauración. É preciso que estes establecementos teñan autorizado ou clasificado, conforme estableza a normativa turística no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia, o establecemento turístico para o que se solicita a axuda. No caso de empresas, deberán ser pequenas ou medianas empresas.

Deberá acreditarse a propiedade dos inmobles obxecto da actuación que autorice a persoa beneficiaria á realización do investimento subvencionado e que permita, igualmente, a explotación do establecemento durante tres anos contados desde a data en que se produza a liquidación definitiva da subvención. Deberá acreditarse unha

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

antigüidade da actividade turística de aloxamento e restauración no establecemento para o cal se solicita a subvención non inferior á 5 anos á data de solicitude da axuda.

### **Actuacións e gastos subvencionables**

Poderán ser obxecto de subvención as actuacións destinadas a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas; as obras destinadas á mellora das instalacións coa finalidade de obter certificacións de calidade, en especial o Q de Calidade Turística; as actuacións destinadas á adaptación ás modificacións normativas e á mellora da clasificación do establecemento que supoñan un incremento de categoría. Tamén poderán recibir axudas as actuacións de renovación e modernización das instalacións e embelecemento do contorno da instalación; equipamentos mobles necesarios para o funcionamento; actuacións de mellora da climatización, instalación ou mellora de sistemas de extracción e renovación do aire; actuacións de dixitalización dos sistemas de xestión e comercialización do establecemento; e a adaptación dos sistemas de seguridade e saúde na prestación de servizos.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA DÁ O VISTO E PRACE AO PROXECTO DE REVALORIZACIÓN DA RUTA TRASLATIO PARA IMPULSAR A GALICIA COMO DESTINO TURÍSTICO NAÚTICO**

- Forman parte deste proxecto os portos ou clubs náuticos de Ribeira, O Grove, Sanxenxo, Vilanova de Arousa, Boiro, Pobra do Caramiñal e Rianxo
- Pretende revalorizar as infraestruturas portuarias e dotar de novos recursos aos concellos, portos deportivos e mariñas náuticas vinculados á Ruta
- O proxecto está incluído no marco das accións de cohesión en destino do Plan Nacional Turístico Xacobeo 21-22, que destina a este proxecto 1,3 millóns de euros

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se toma razón do proxecto integral de revalorización da Ruta Traslatio-Ruta Xacobeas marítimo fluvial polo mar de Arousa e o Río Ulla, no marco das accións de cohesión en destino do Plan Xacobeo Next Generation, que destina a este proxecto 1,3 millóns de euros, co obxectivo de impulsar a Galicia como destino turístico náutico. Forman parte deste proxecto os portos ou clubs náuticos de Ribeira, O Grove, Sanxenxo, Vilanova de Arousa, Boiro, Pobra do Caramiñal e Rianxo.

Este proxecto busca converter a ruta Traslatio nun camiño a Santiago de referencia, equiparado ás demais rutas xacobeas, captando novos visitantes e peregrinos e consolidando Galicia como destino turístico náutico. Neste sentido, pretende revalorizar as infraestruturas portuarias e dotar de novos recursos aos concellos, portos deportivos e mariñas náuticas vinculados á ruta marítimo-fluvial.

Con base neste proxecto, o Real Club Náutico Sanxenxo, Nauta Sanxenxo, Club Náutico Portonovo, Club Náutico San Vicente, Club Náutico La Toja, Marina e estación marítima de Vilanova de Arousa, Club Náutico Rianxo, Club Náutico Cabo de Cruz, Club Náutico Barraña, Marina Pobra do Caramiñal e o Club Náutico de Ribeira, acollerán diversas actuacións e melloras nas súas infraestruturas e servizos.

O turismo náutico é un sector estratéxico para Galicia que está en pleno proceso de expansión, e este proxecto é unha aposta por revalorizar os activos turísticos con que conta esta ruta, levando adiante liñas de actuación que melloren as infraestruturas portuarias nestes territorios, rehabilitar estruturas e poñer en valor ambiental e patrimonial os recursos turísticos con que conta o trazado polo que discorre esta ruta xacobeas única.

Estas liñas de actuación tradúcense na posta en marcha de actuacións de dixitalización de recursos, creación ou mellora de espazos para a recepción de visitantes e mellora de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

equipamentos turísticos, posta en marcha de nova oferta cultural e turística relacionada coa ruta ou a mellora da oferta de servizos dos portos deportivos e clubs náuticos coa instalación de equipamentos de control e vixilancia intelixente, dotación de equipos de mobilidade sustentable para a loita contra a contaminación marina, así como sistemas de xestión ambiental, redes wifi e adaptación e mellora da eficiencia enerxética nas diferentes instalacións.

Cómpre indicar, ademais, que Galicia é líder en certificacións de calidade no ámbito das instalacións náuticas – Galicia ten 16 dos 27 portos deportivos certificados con Q de Calidade Turística en toda España- e a mellora constante dos servizos e instalacións, unida á necesidade de ofrecer instalacións sustentables e accesibles, fan preciso este tipo de actuación.

### **Plan Xacobeo Next Generation**

O orzamento que este plan destinou a Galicia foi de 39,2 millóns de euros co obxectivo de incorporar medidas para conservar e facer un mellor uso dos Camiños de Santiago e para impulsar a actividade turística e económica.

Ademais das accións de cohesión en destino dentro das cales se inxire este proxecto de revalorización da Traslatio e que contan con 8,4 millóns de euros, o programa prevé tamén os plans de sustentabilidade turística en destino, que contan cun orzamento de 8,1 millóns de euros, e os proxectos de mantemento e rehabilitación dos bens de interese cultural do Camiño de Santiago, cun orzamento de 22,7 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ULTIMA A PRIMEIRA GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS NOS CARTEIS PUBLICITARIOS PARA CONTRIBUÍR A INTEGRAR ESTES ELEMENTOS NAS PAISAXES URBANAS E RURAIS**

- Cun enfoque práctico e divulgativo, o manual busca fixar criterios comúns que se aplicarán á hora de introducir letreiros anunciadores no territorio co fin de evitar impactos que repercutan negativamente nos seus valores e na imaxe dos propios establecementos
- Identifica cinco tipos de paisaxes con características e peculiaridades propias e analiza os principais problemas da cartelería en cada unha para propoñer solucións
- O gran tamaño dos rótulos, paneis e carteis publicitarios, o uso de cores estridentes e pouco acordes coa contorna e unha disposición inadecuada ou recargada no espazo son algúns dos erros comúns detectados polo Instituto de Estudos do Territorio

A Xunta ultima a elaboración da primeira Guía de boas prácticas nos carteis publicitarios, un manual de carácter técnico que recompila unha serie de recomendacións e criterios homoxéneos co obxectivo de contribuír a integrar este tipo de elementos nas paisaxes urbanas e rurais onde se localizan, de maneira harmónica e co menor impacto posible.

O documento, cun enfoque eminentemente práctico e divulgativo, foi elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través do Instituto de Estudos do Territorio (IET), que promove desde hai máis dunha década este tipo de publicacións co fin de axudar a divulgar os valores paisaxísticos da Comunidade entre administracións públicas, colectivos profesionais e cidadanía en xeral.

Neste caso, o novo manual busca fixar directrices e solucións axeitadas á hora de introducir letreiros anunciadores, paneis ou rótulos en edificios e noutros puntos do territorio para evitar que teñan un impacto negativo sobre a paisaxe e mesmo na imaxe das empresas ou establecementos anunciados xa que, pola súa propia función, este tipo de elementos buscan destacar e impoñerse sobre os valores e elementos que os rodean.

O obxectivo, en definitiva, é ofrecer unha guía técnica para orientar a promotores, propietarios e administracións sobre a instalación deste tipo de elementos publicitarios en equilibrio coa contorna, deseñando carteis respectuosos coa paisaxe, buscando unha coherencia nos materiais, formas e cores empregados, e primando a conservación de fachadas históricas e de interese con outras de novo deseño de forma harmoniosa.

Para isto, a Guía de boas prácticas nos carteis publicitarios parte da identificación de cinco tipos de paisaxes cunhas peculiaridades propias que fan necesario establecer

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tamén unha serie de recomendacións e directrices específicas no que respecta á colocación e ás características que deben ter este tipo de elementos en cada unha destas zonas. Son, en concreto, os núcleos históricos, os ensanches das cidades, a periferia dos núcleos urbanos, os polígonos industriais e o medio rural.

A partir da análise dos impactos que producen os carteis publicitarios en cada ámbito conclúese que os problemas máis habituais teñen que ver co gran tamaño dos rótulos, paneis ou letreiros instalados, o recurso para chamar a atención a cores estridentes e pouco acordes coa contorna, ou a súa disposición sobre fachadas e outros espazos, cunha acumulación excesiva de carteis que transmite unha sensación de sobrecarga.

Con todo, tamén hai características específicas que afectan máis a uns tipos de paisaxes que a outros, así como a incidencia da propia normativa urbanística sobre o deseño e colocación da cartelería, outro factor que se tivo en conta na elaboración do manual.

Así, os centros históricos son as zonas coas mellores condicións no que respecta á publicidade no exterior debido a que os plans especiais de protección con que contan a maioría prevén epígrafes específicas sobre carteis e rótulos; mentres que na periferia urbana e nos polígonos industriais, este tipo de elementos, polas súas grandes dimensións, a localización en zonas altas e con grande visibilidade e a tendencia a acumular carteis en espazos reducidos, teñen un impacto considerable.

Ademais, no caso dos desenvolvementos urbanos recentes (os chamados ensanches), os elementos máis habituais son os rótulos, as bandeirolas e os toldos, e as principais interferencias prodúcense pola súa colocación nas fachada e o uso de materiais plásticos e brillantes; mentres que no medio rural a presenza deste tipo de elementos publicitarios é moito máis reducida que no resto pero a vulnerabilidade da súa paisaxe fai que o impacto que se produce poida ser moito maior que noutro tipo de ámbitos.

Tras recibir hoxe o visto e prace do Consello da Xunta, a Guía de boas prácticas nos carteis publicitarios será presentada oficialmente este mes cunha tirada inicial de 500 exemplares para a continuación distribuírse entre diferentes administracións e proceder á súa difusión para o público xeral, de forma gratuíta, a través da páxina web do IET.

### **Unha ducia de publicacións desde 2012**

As guías de boas prácticas e recomendacións son unha ferramenta prevista no regulamento da Lei de protección da paisaxe de Galicia para divulgar os valores paisaxísticos da Comunidade e que certo tipo de actuacións —edificacións de calquera natureza, peches, equipamentos de uso público, etc.— poidan lograr unha boa integración e un equilibrio coa contorna onde se sitúan.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desde o ano 2012 e atendendo as necesidades que van xurdindo, a Xunta traballa de forma continuada na elaboración deste tipo de guías técnicas. Dentro da Colección Paisaxe Galega xa se publicaron 12 volumes, dispoñibles tamén en formato dixital, e hai varias guías en elaboración. Ademais, en 2022, o IET presentou o *Atlas da paisaxe dos camiños xacobeos*, un libro conmemorativo do Xacobeo 21-22, e puxo en funcionamento o visor interactivo A paisaxe de Galicia desde a bicicleta. En total, o investimento ata o momento neste tipo de publicacións de carácter divulgativo supera os 780.000 euros.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA A ESTRATEXIA PARA INVESTIR 228 M€ ATA 2027 PARA MELLORAR O SANEAMENTO E A DEPURACIÓN DAS RÍAS GALEGAS**

- Augas de Galicia está a executar actualmente 15 actuacións que suman 66,4 M€ de investimento
- Destacan as novas depuradoras de Foz e Porto do Son, as melloras das de Viveiro, Cambados, Soutomaio e Vilaboa, a renovación dos colectores de Pontedeume e de Cabanas, de Cee e de Vilagarcía de Arousa ou o novo emisario submarino da ría de Pontevedra
- Entre as novas actuacións previstas están xa en licitación actuacións como a depuradora de Sada, o colector do río Sardiña en Ferrol ou a mellora dos colectores de Cambados, así como avanzada a tramitación dos colectores e depuradora de Burela, da depuradora de Noia ou da ampliación da de Vilagarcía
- A pesar do esforzo investidor da Xunta, a disparidade de criterio do Ministerio para a Transición Ecolóxica na interpretación das normas está a impedir a execución dalgúns dos proxectos por falta das autorizacións pertinentes
- Desde 2009 a Xunta leva investido máis de 1.100 M€ que permitiron duplicar a capacidade de depuración, acadar o bo estado no 78 % das masas de auga, eliminar 355 puntos verteduras e mellorar 42 zonas de produción de moluscos
- Nos vindeiros anos continuarase cos programas de control de verteduras e de seguimento da calidade das augas, cos plans de saneamento local, coa execución e a explotación de infraestruturas hidráulicas e coas medidas de apoio aos concellos previstas na Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga
- A Xunta estuda xa as solicitudes de concellos como os de Rianxo e Muxía para que Augas de Galicia asuma a xestión das infraestruturas municipais, e son as primeiras recibidas ao abeiro da Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á Estratexia para mellorar o saneamento e depuración das rías galegas e rematar as actuacións planificadas no ano horizonte 2027, con investimentos futuros previstos por importe de 228 M€, que se suman aos 66,4 M€ en actuacións que están agora mesmo en execución.

O Goberno galego quere darlle así un novo pulo ao saneamento das rías, como proxecto estratéxico e prioritario para a Xunta, polo seu valor ambiental e socioeconómico. Así, aínda que as competencias en saneamento e depuración son municipais, a Administración autonómica consciente da complexidade técnica, administrativa e económica que supón este tipo de actuacións, asume a responsabilidade de tutelar o

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

saneamento das rías galegas apoiando os concellos na execución, explotación e profesionalización dos seus sistemas de saneamento e depuración municipais.

A estratexia aprobada hoxe polo Executivo autonómico para o período 2023-2027 inclúe unha imaxe global da evolución, a situación actual e as previsións de futuro para o saneamento das rías galegas e a calidade das súas augas, as liñas de actuacións levadas a cabo nos últimos anos, así como os plans futuros que prevé desenvolver a Xunta.

Na actualidade a Xunta ten xa en execución 15 grandes contratos de obras de saneamento e depuración que suman 66,4 M€, con actuación relevantes como a nova depuradora de Foz; a mellora nas liñas de tratamento da depuradora de Viveiro; a renovación dos colectores de Pontedeume e Cabanas; os colectores de Cee, na ría de Cee e Corcubión; os colectores de Vilagarcía; a depuradora de Queiruga, en Porto do Son; a mellora da depuradora de Cambados; o emisario dos Praceres; ou a mellora da depuradora de Soutomaior e Vilaboia.

A estratexia aprobada hoxe recolle un investimento de máis de 228 millóns de euros en accións previstas para ser executadas no período 2023-2027.

Así están en licitación novas intervencións como a depuradora de Sada, o colector do río Sardiña en Ferrol ou a mellora de colectores en Cambados.

A estas engádense actuacións con proxectos xa redactados, en tramitación para a súa licitación, como a mellora dos colectores e a nova depuradora de Burela, a mellora da depuradora de Noia ou a ampliación da de Vilagarcía de Arousa.

Tamén se avanzará en proxectos actualmente en redacción, como a nova depuradora de Cee, a nova depuradora de Arcade, melloras no sistema de saneamento de Pontevedra, Poio e Marín, ou a ampliación futura da depuradora dos Praceres.

A estratexia prevista pola Xunta abrangue tamén a intensificación das seis liñas de actuación que a Administración autonómica veu desenvolvendo nos últimos anos: o programa de control de verteduras; o programa de seguimento da calidade das augas; os plans de saneamento local; a execución e explotación de infraestruturas hidráulicas; e as medidas de carácter normativo, como a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, aprobada en 2022, coa que a Xunta busca apoiar os concellos para a mellor prestacións destes servizos municipais aos cidadáns, ofrecéndolles unha alternativa de xestión profesionalizada e voluntaria dos seus sistemas de abastecemento e depuración.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O traballo do Goberno galego nos últimos anos para mellorar o saneamento e a depuración das rías recibirá así un novo impulso ata o ano horizonte de 2027, para rematar as actuacións planificadas.

Con todo, a pesar do esforzo de planificación e os investimentos realizados polo Goberno galego, o certo é que a disparidade de criterio do Ministerio para a Transición Ecolóxica na interpretación das normas está abocando a que algúns dos proxectos da Xunta, informados inicialmente en sentido positivo polos servizos provinciais de Costas, non poidan ser executados por falta das autorizacións pertinentes.

Esta situación está provocando que problemas ambientais derivados de verteduras, cuxa solución é urxente, non poidan resolverse a pesar dos esforzos realizados pola Administración autonómica.

### **1.100 millóns de euros investidos no período 2009-2022**

Para mellorar a situación das rías galegas, as liñas desenvolvidas nos últimos anos levaron asociado un esforzo investidor constante do Goberno galego entre 2009-2022.

Así, a Xunta mobilizou máis de 1.100 millóns de euros desde o 2009 en obras hidráulicas, colaborando coa Administración xeral do Estado na execución das grandes instalacións declaradas de interese xeral, na planificación vinculada ao saneamento e á depuración das rías, en axudar os concellos na explotación das súas infraestruturas e nos servizos complementarios necesarios para a realización deste inxente traballo.

Neste esforzo da Xunta, os investimentos en obras para a mellora do saneamento acadaron os 910 millóns de euros; destinándose á xestión da explotación das instalacións construídas 160 millóns de euros; 23 millóns de euros para axudar os concellos na xestións das infraestruturas de depuración e saneamento; e 7 millóns de euros dirixidos á planificación das actuacións necesarias.

Destacan especialmente os investimentos asociados á mellora da calidade das augas das rías de Vigo, da Coruña e de Ferrol, onde as achegas da Xunta foron clave para mobilizar os fondos europeos necesarios para executar as obras declaradas de interese xeral do Estado.

O traballo desenvolvido polo Goberno galego nos últimos anos para mellorar o saneamento e a depuración xa ten dado os seus froitos: conseguiuase incrementar substancialmente a capacidade de depuración, acadar o bo estado no 78 % das masas de auga, eliminar verteduras contaminantes e mellorar zonas de produción de moluscos.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Máis concretamente, nos últimos anos tense acadado un forte crecemento da capacidade de depuración en toda Galicia, facilitando estes servizos a máis e 3,3 millóns de habitantes equivalentes. Esta evolución é incluso máis significativa no caso das rías galegas, onde a capacidade de depuración entre 2009 e a actualidade se ten duplicado, ata acadar hoxe unha capacidade de depuración para 2 millóns de habitantes.

A evolución positiva da capacidade de depuración vén acompañada do impulso dunhas instalacións axeitadas, que traten as augas residuais e que as devolvan ás rías nunhas condicións que sexan compatibles coas actividades que se desenvolven nestes contornos: marisqueo, pesca, turismo, etc. O grao de cumprimento das condicións de vertedura establecidas pola directiva europea está tendo unha evolución moi positiva en toda Galicia, pasando dun 30 % de depuradoras que non cumprían en 2007 á situación actual, onde cumpre máis do 90 % das depuradoras de toda Galicia.

Outro indicador de como están evolucionando as rías galegas son os cambios nas zonas de produción de moluscos. En termos xerais, no período 2009-2022 melloraron a súa clasificación 42 zonas, das cales 16 se corresponden con polígonos de bateas e 26 son zonas de produción de moluscos infaunais.

### **Apoio aos concellos no desenvolvemento das súas competencias municipais**

Cómpre subliñar tamén o labor de apoio aos concellos que vén prestando a Xunta para un mellor desenvolvemento das súas competencias municipais de saneamento e depuración.

De feito, a Xunta está a asumir na actualidade a explotación de 28 depuradoras, 23 delas situadas nas rías galegas e en zonas costeiras. O traballo que está a desenvolver Augas de Galicia ao asumir a explotación destas instalacións non só contribúe a mellorar o estado das masas de augas, senón que está a servir de exemplo e acicate para unha xestión máis eficiente e profesionalizada nos demais concellos costeiros de Galicia.

Estas liñas de actuación autonómicas van asociadas aos cambios legislativos impulsados pola Xunta nos últimos anos: a Lei de augas de Galicia e, máis recentemente, o pasado ano 2022, a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga. O obxectivo desta nova norma é acadar unha xestión sustentable e profesionalizada das infraestruturas xa construídas, ofrecendo a aqueles concellos que o soliciten de xeito voluntario a xestión por parte de Augas de Galicia das súas infraestruturas hidráulicas, garantindo unha alternativa á complexidade que supón explotar axeitadamente os sistemas de saneamento e depuración municipais, especialmente nos concellos costeiros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A pesar do escaso tempo transcorrido desde a súa aprobación, a Xunta xa ten recibido solicitudes de adhesión a este novo modelo de xestión. Neste momento estase a avaliar solicitudes como as dos concellos de Rianxo e de Muxía para que sexa Augas de Galicia a que asuma a xestión das súas infraestruturas municipais, ao abeiro da Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, garantindo así unha xestión máis sustentable e profesionalizada e a prestación de mellores servizos aos cidadáns.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ABRIRÁ EN 2023 SETE NOVOS POLOS DE EMPRENDEMENTO EN MELIDE, MONDOÑEDO, FRIOL, A FONSAGRADA, O CARBALLIÑO, O BARCO E O PORRIÑO**

- O Consello aprobou hoxe a ampliación da Rede de polos de emprendemento e apoio ao Emprego para dar cobertura ao 100 % dos concellos galegos
- O Goberno galego destinará máis de 9 M€ en 2023 á posta en marcha dos novos centros e para o impulso de axudas ás iniciativas xurdidas nos mesmos
- Cando remate este ano, Galicia disporá de 12 polos en funcionamento repartidos nas catro provincias: 3 na Coruña, 4 en Lugo, 2 en Pontevedra e 3 en Ourense
- Desde o estreo destes espazos de dinamización e captación de proxectos o pasado verán, xa se asesorou nos cinco centros activos (Verín, Silleda, Coristanco, Monforte e Ferrol) un cento de proxectos empresariais

A Xunta completará en 2023 o despregamento da súa Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego por toda a xeografía galega. O Consello da Xunta aprobou hoxe a posta en funcionamento de sete novos espazos nas catro provincias -Melide, Mondoñedo, Friol, A Fonsagrada, O Carballiño, O Barco e O Porriño- que sumados aos 5 activados no último semestre de 2022 darán cobertura ao 100 % dos concellos.

Na actualidade están en marcha os polos Costa da Morte (en Coristanco), Rías Altas de Arco Ártabro (en Ferrol), Lugo Sur (en Monforte de Lemos), Ourense Centro e Sur (en Verín) e Pontevedra Norte e Rías Baixas (en Silleda). Nestes puntos recibiron asesoramento no último semestre de 2022 un cento de proxectos empresariais, dos que 91 se atopan activos, chegándose a 112 persoas beneficiarias dos seus servizos. Neste tempo -tendo en conta que o polo de Ferrol iniciou a súa andaina o pasado 28 de decembro e non computa no balance- impartíronse 376 horas de titorización a persoas emprendedoras.

O Goberno galego está a fomentar con decisión a iniciativa empresarial para dinamizar o mercado de traballo e fixar emprego, atendendo as demandas dos diferentes territorios.

Nestes espazos de dinamización e captación de proxectos, ofrécense, entre outros, servizos de información sobre oportunidades de emprendemento; asesoramento personalizado para cada territorio; espazos de traballo temporal e networking; captación de investimento e financiamento; e orientación e asesoramento e recursos físicos. Os usuarios, ademais, poderán acceder a convocatorias anuais de axudas para a consolidación do seu investimento e a xeración de postos de traballo.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Rede de polos aspira así a se converter nunha plataforma eficaz de dinamismo laboral, ademais de contribuír a asentar poboación e establecer sinerxías entre o rural e o urbano co obxectivo último de crear máis emprego de calidade a través de fórmulas de emprendemento que permitan fixar emprego, lograr a efectiva igualdade de xénero e modernizar o ecosistema emprendedor.

Para seguir a avanzar na Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego, para 2023 a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade disporá de 9,2 millóns de euros, dos cales 1,3 millóns de euros son exclusivamente para o mantemento e posta en marcha dos polos -é dicir, para infraestruturas, dixitalización (mantemento da web) ou titorización (rede de mentores especialistas)- mentres que os outros 7,9 millóns de euros destinaranse a axudas ao impulso efectivo da xeración de emprego de calidade en iniciativas vinculadas ao territorio.

A Xunta de Galicia, con todo, seguirá a potenciar en 2023 como nunca antes o emprendemento tras a posta en marcha da nova estrutura da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, que incorporou unha nova Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego, que supón unha reafirmación da aposta da Administración autonómica por estas políticas. No ano 2023 destinaranse 18,2 millóns de euros a esta área prioritaria, para seguir a avanzar, no marco da estratexia Xempre Contigo de emprego no crecemento económico e a creación de emprego de calidade en Galicia.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA CONVOCA MÁIS DE 17 M€ EN AXUDAS PARA OS GANDEIROS DA CARNE CO GALLO DE PALIAR AS CONSECUENCIAS DA INVASIÓN DE UCRAÍNA NO SECTOR

- O Consello da Xunta analizou hoxe as achegas extraordinarias que se publicarán mañá no *Diario Oficial de Galicia* tras terse posto xa á disposición dos produtores o pasado verán a través de anticipos de entidade bancaria con custo cero para os beneficiarios
- O sector cárnico é un dos piares fundamentais da economía de Galicia que se viron máis afectados polo incremento dos custos de produción, derivado da alteración do mercado internacional de materias primas e subministracións
- Esta semana presentouse a Estratexia de dinamización do sector cárnico, para darlle un pulo a este eido deica o ano 2030 situando a nosa comunidade como rexión produtora de referencia cun alto nivel de competitividade e sustentabilidade

O Consello da Xunta analizou hoxe a resolución da Consellería do Medio Rural que publicará mañá o *Diario Oficial de Galicia* (DOG) con algo máis de 17 millóns de euros en axudas para os produtores de carne galegos co gallo de mitigar as consecuencias da invasión rusa de Ucraína. Trátase dunha medida urxente, extraordinaria e excepcional para compensar as dificultades económicas que está atravesando o sector por mor do incremento dos custos de produción derivado da alteración do mercado internacional de materias primas e subministracións, coa que se proxecta chegar a preto de 12.000 produtores. Cómpre lembrar que os interesados xa puideron acceder a estas achegas o verán pasado, a través de anticipos de entidade bancaria subvencionados polo Goberno galego que lles permitiron cobrar de inmediato e con custo cero para eles.

Deste xeito, a Xunta destina en concreto 17.156.000 euros, provenientes do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020, para aliviar as dificultades económicas ás explotacións produtoras dos sectores de vacún de carne, ovino, caprino, avícola e cunícola. Trátase de sectores ligados ao territorio e cun marcado carácter extensivo, o que os converte en sectores ambientalmente sustentables polo aproveitamento racional dos recursos agrosilvopastorais, contribuíndo así á mellora da calidade e incremento da materia orgánica nos solos e ao mantemento da biodiversidade.

Estas axudas buscan contribuír a mellorar os resultados económicos de todas as explotacións e a facilitar a súa reestruturación e modernización, en particular co obxecto de incrementar a súa participación e orientación cara ao mercado, así como a diversificación agrícola.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para acceder ás subvencións, os solicitantes deben ser titulares de explotacións que consten en alta no Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA), entre outros requisitos. De cara á concesión destas axudas -que se tramitarán en réxime de concorrencia non competitiva- determínanse unha serie de tramos asociados ao tamaño ou capacidade das explotacións beneficiarias.

### **Outras medidas a prol do sector**

En beneficio do sector cárnico, a Xunta xa adoptou diversas medidas para a consolidación deste eido fundamental da economía galega. Así, o pasado verán púxose á disposición dos produtores o anticipo das axudas directas da política agraria común (PAC) que adoitan cobrarse en outono, por un montante duns 200 millóns de euros grazas á subvención dos xuros por valor de 3,4 millóns de euros a cargo da Xunta.

Cómpre resaltar tamén os máis de 11,5 millóns de euros en axudas excepcionais xestionadas polo Goberno galego dirixidas a explotacións gandeiras para compensar as dificultades económicas derivadas da invasión rusa de Ucraína. Delas beneficiáronse 10.630 explotacións gandeiras de vacún de carne, 631 de ovino-cabrún, 490 de aves e 103 de coellos. Así mesmo, puxéronse á disposición do sector préstamos de financiamento de capital circulante a explotacións de gando bovino, con subsidiación dos tipos de xuro. Estes préstamos contaron cun apoio por parte da Xunta de 5 millóns de euros, para chegar ata os 25 millóns en empréstitos concedidos, cun máximo de 30.000 euros por explotación.

Así mesmo, a Consellería do Medio Rural asinou un convenio de colaboración co consello regulador das indicacións xeográficas protexidas (IXP) de carne de vacún de Galicia, para levar a cabo unha campaña de promoción, fomento e difusión da carne de vacún certificada co selo Ternera Gallega Suprema, que viu a luz a finais de outubro. A campaña -que supuxo un investimento de 1,4 millóns de euros dos que a Xunta aportou a metade- difundíuse a nivel nacional en radio, prensa, televisión, redes sociais e puntos de venda para poñer en valor o produto procedente de explotacións tradicionais con vacas nais e con base territorial.

### **Estratexia de dinamización do sector cárnico de Galicia**

Para consolidar o sector deica o ano 2030, esta semana presentouse a Estratexia de dinamización do sector cárnico, que busca situar Galicia como rexión produtora de referencia cun alto nivel de competitividade e sustentabilidade. Para conseguilo, e logo dun exhaustivo traballo de análise, diagnose e diálogo da man do conxunto do sector en colaboración coa Fundación Juana de Vega, traballárase no marco dunha planificación que se artella en 64 medidas e 174 accións estruturadas en seis eixes estratéxicos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En concreto, perséguese avanzar nun sector produtor organizado e profesionalizado, nunha industria competitiva, impulsada pola tecnoloxía e polo talento que garanta a soberanía alimentaria e nuns produtos cárnicos galegos mellor posicionados nos mercados nacionais e internacionais. Tamén nunha cadea de valor máis transparente e equilibrada, nunha sociedade concienciada coa importancia da produción cárnica galega para o desenvolvemento rural e sobre o valor nutricional da carne e, por último, nun sector cárnico máis sostible e resiliente.

A maiores, cabe poñer de relevo outras medidas tomadas a prol do sector como o protocolo de entendemento entre toda a cadea de valor da carne para frear a venda a perdás entre os produtores da IXP Ternera Gallega ou as axudas directas convocadas en 2020 para o sector vacún da carne -entre outros- co gallo de paliar os efectos da pandemia, cun montante para este eido de 9 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 640.000 EUROS NA URBANIZACIÓN E MELLORA DO VIAL PORTUARIO DE RAXÓ

- O Executivo galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Poio para a execución das obras, nas que o ente público aporta o 70% do orzamento e o Goberno local o 30% restante
- Os traballos suporán a reordenación da circulación e redistribución de espazos dándolle un aspecto máis amable para os peóns así como a instalación das redes de servizos urbanos como o saneamento, electricidade ou telefonía
- A Administración local asumirá o mantemento viario, a vixilancia das instalacións, a regulación do tráfico e a recollida de residuos na zona portuaria, entre outras obrigas

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, investirá preto de 640.000 euros nas obras de mellora do bordo portuario de Raxó, no concello pontevedrés de Poio, co obxectivo de humanizar a zona e integrar o vial portuario coa vila. Así o acordou hoxe o Consello da Xunta, que autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre Portos de Galicia e o Concello para a execución e financiación dos traballos, que incluírán tamén as redes de servizos urbanos e a mellora da accesibilidade das beirarrúas municipais.

A actuación global prevista está orzamentada en máis de 900.000 euros, do que o Executivo galego financia o 70% e o Goberno local o 30% restante, algo máis de 270.000 euros correspondentes coas redes de servizos municipais. Portos de Galicia encargárase da licitación e execución da obra mentres que o Concello asumirá o mantemento viario, a vixilancia das instalacións, a regulación do tráfico -garantindo de xeito permanente o acceso para as actividades portuarias- e a recollida de residuos da zona portuaria.

As obras proxectadas executaranse en base ao proxecto presentado pola presidenta de Portos de Galicia, Susana Linguas, e polo delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Luis López, á confraría de pescadores de Raxó e aos colectivos sociais implicados co obxectivo de atender, na medida do posible, as súas necesidades.

O obxectivo dos traballos pasa por reordenar a circulación peonil e rodada na vía de acceso ao porto de Raxó así como redistribuír os espazos para facer esta zona de interacción porto-vila máis atractiva tanto para os veciños como para os visitantes.

O proxecto realizado pretende humanizar a contorna dándolle un aspecto máis amable para os peóns e inclúe a transformación da fachada marítima nunha plataforma única de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

convivencia dos distintos usuarios así como a instalación das redes de servizos urbanos como o saneamento, abastecemento, electricidade ou telefonía, entre outros. Ademais integra a demanda de actuar de xeito xeral nas beirarrúas da parte inicial do vial e que se atopan fóra do solo de competencia de Portos de Galicia para mellorar e dotar de maior accesibilidade o itinerario peonil, separado do tránsito rodado, desde a estrada xeral ata o paseo do porto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA RESALTA QUE A XUNTA INCREMENTA UNHA MEDIA DE 500 € AS CONTÍAS DAS BEME MÁSTER PARA ATRAER AOS 250 MELLORES EXPEDIENTES UNIVERSITARIOS DO EXTERIOR NA SÚA SÉTIMA CONVOCATORIA**

- Subliña que estas axudas se inclúen na Estratexia Galicia Retorna que busca favorecer “o regreso de 30.000 galegos no exterior ata 2026”
- O obxectivo destas bolsas BEME é “mellorar a formación dos universitarios” e promover que estes mozos se incorporen ao mercado laboral e fixen a súa residencia en Galicia
- As axudas, que sufragan viaxe, matrícula, aloxamento e manutención, aumentan entre 350 e 750 euros, ata acadar bolsas de entre 7.500 e 12.000 euros, en función da duración do mestrado e o continente de procedencia do beneficiario
- A Secretaría Xeral da Emigración destinará 2,3 millóns a esta medida
- Con esta nova convocatoria, a Xunta terá ofrecido entre 2017 e 2023 un total de 1.400 oportunidades de retorno a mozos para estudar un mestrado universitario ou de Formación Profesional

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello deu o visto e prace a sétima edición das bolsas de excelencia mocidade exterior (BEME Máster) da Secretaría Xeral da Emigración que inclúe un aumento medio de máis de 500 euros nas contías das axudas para que 250 universitarios galegos no exterior regresen a Galicia para estudar un mestrado. “Esta é unha das medidas incluídas na nova Estratexia Galicia Retorna que ten o obxectivo de favorecer o regreso de 30.000 galegos ata o ano 2026”, sinalou o titular do Goberno galego.

Rueda destacou que estas bolsas para cursar un mestrado universitario teñen un dobre obxectivo: “que os mozos no exterior melloren a súa formación” e que se incorporen ao mercado laboral e fixen a súa residencia en Galicia. “A maioría dos mozos que reciben estas bolsas quedan vivindo en Galicia ao incorporarse aquí ao mercado laboral”, resaltou o presidente.

O Consello autorizou un informe sobre o aumento na contía individual destas bolsas de cara a nova convocatoria. O incremento, que oscila entre os 750 e os 350 euros en función da duración do mestrado e o continente de procedencia do beneficiario, elevará o orzamento total desta medida ata os 2,3 millóns de euros, 150.000 máis (o 7 %) que na anterior convocatoria. Esta suba quere paliar os efectos da inflación que está a rexistrarse a nivel mundial.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta busca, a través desta iniciativa da Secretaría Xeral da Emigración, impulsar a captación dun total de 250 titulados universitarios galegos de currículo brillante, residentes no estranxeiro e cunha titulación de grao, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, que poderán cursar estudos de mestrado nalgunha das tres universidades galegas. A medida, incluída na recentemente aprobada Estratexia Galicia Retorna 2023-2026, pretende facilitar o retorno de galegos de alta cualificación do exterior, ao tempo que contribúe á fixación de poboación na Galicia territorial.

Con este obxectivo, todos os beneficiarios destas axudas contarán, un ano máis, cunha orientación laboral coa que se pretende, non só captar para Galicia o talento máis brillante de entre as mozas e mozos residentes no estranxeiro fomentando o retorno da poboación activa laboral, senón tamén facilitarlles o seu establecemento definitivo na Comunidade. Para iso, a Xunta ten deseñado unha oferta académica centrada en estudos con capacidade de absorción no tecido produtivo e laboral galego.

### **Requisitos para ser beneficiario e dotación das bolsas**

Os beneficiarios da iniciativa deben ser galegos por nacemento ou descendentes por consanguinidade, acreditar un mínimo de dous anos de residencia no exterior e estar admitido na preinscrición dalgún dos mestrados das universidades galegas.

A bolsa, cuxo importe é de 7.500 ou 8.000 euros (segundo a persoa beneficiaria proceda de Europa ou do resto do mundo) por curso completo de 60-72 créditos ECTS, destínase a cubrir os gastos de matrícula, viaxe, aloxamento e manutención na Galicia territorial. Aqueles que se matriculen nun curso de maior duración (90 créditos) disporán dun orzamento total de entre 11.250 e 12.000 euros (en función do continente de procedencia do alumno).

### **1.400 oportunidades de retorno**

O obxectivo do Goberno galego é que a publicación desta orde se realice a comezos de febreiro no Diario Oficial de Galicia (DOG) para que se poida abrir o prazo de solicitudes a comezos de febreiro, pechándose o 28 de abril.

Á convocatoria do ano pasado das BEME Máster presentáronse case 532 solicitudes procedentes de preto de 35 países distintos, un 12 % máis que o ano anterior. Así, con esta nova orde o Goberno galego terá ofrecido entre 2017 e 2023, incluíndo as bolsas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que ofrecen prazas de FP, a posibilidade de retornar a un total de 1.400 mozos galegos do exterior no ámbito universitario.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **AS REBAIXAS APROBADAS POLO GOBERNO CENTRAL NOS IMPOSTOS DO IVE E A ELECTRICIDADE TERÁN UN IMPACTO NOS INGRESOS DE GALICIA DE 276 MILLÓNS DE EUROS**

- Esta perda de ingresos non terá impacto nas contas do ano 2023
- Afectará á liquidación definitiva das entregas a conta deste exercicio, que se ingresará no ano 2025

As rebaixas aprobadas polo Goberno central nos impostos do IVE e a electricidade terán un impacto nos ingresos da Comunidade Autónoma de Galicia de 276 millóns de euros segundo un informe presentado hoxe polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos no Consello da Xunta.

En todo caso, esta perda de ingresos non terá impacto nas contas deste ano pois non afecta ás entregas a conta que se van recibir no 2023, senón que afectará á liquidación definitiva das entregas a conta deste exercicio que se ingresará ano 2025.

As medidas aprobadas supoñen un esforzo compartido entre o Estado e as Comunidades Autónomas. Porén, o Goberno central tomou esta decisión sen diálogo previo e sen consenso coas autonomías; actuando de xeito unilateral e sen lealdade institucional.

A lexislación actual a través da Lei reguladora do sistema de financiamento xa establece sistemas e procedementos para compensar ás autonomías por esta perda recadatoria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA PON EN MARCHA UN PROGRAMA DE INTENSIFICACIÓN EN 2023 PARA REDUCIR OS TEMPOS DE ESPERA DE CIRURXÍAS, CONSULTAS E PROBAS DIAGNÓSTICAS A NIVEIS DO ANO 2019**

- Resalta que o obxectivo é alcanzar e “mellorar” os datos prepandemia, os “máis baixos” da serie histórica
- Subliña que o obxectivo é reducir un 26% a espera para operarse e que a demora media non supere os 54 días e outro 23% o tempo para consulta co especialista, ata os 42
- Explica que para iso vaise incrementar a actividade extraordinaria tanto en atención primaria como nos hospitais
- Programaranse 85.000 citas para pacientes crónicos no ámbito da atención primaria e 13.000 consultas máis para enfermos crónicos en hospitais
- A implantación da Central de Imaxe Médica na Oitava área sanitaria axilizará os resultados de 120.000 informes adicionais de probas diagnósticas complementarias
- Fomentaranse os programas dirixidos ás mulleres, á infancia, a adolescencia e ás persoas maiores de 90 anos, que serán intervidas cirurxicamente en menos de 2 meses
- As áreas cirúrxicas dos hospitais comarcais poranse en xornada extraordinaria, á disposición de calquera profesional da área sanitaria. Calcúlase a realización dun total de 4.250 cirurxías adicionais
- Ademais, os programas de autoconcertación hospitalaria para realizar a actividade extraordinaria prevén para 2023 un total de 20.665 cirurxías, 124.185 consultas e 54.440 probas diagnósticas

O presidente da Xunta resaltou hoxe que a Consellería de Sanidade vai poñer en marcha este ano un programa de intensificación da actividade asistencial con diferentes medidas para axilizar as intervencións cirúrxicas, as probas diagnósticas e as consultas co obxectivo de reducir as listas de espera “a niveis mellores dos que había antes da pandemia”. “É un plan ambicioso co que se vai dar solución ás demandas dos galegos e galegas” no eido sanitario, destacou.

Rueda lembrou que no 2019 Galicia acadou os tempos de espera “máis baixos da súa historia” -cunha demora media de 41,5 días para unha primeira consulta e 54 para unha operación- e recoñeceu que a páralise da actividade non urxente pola pandemia “empeorou estes datos”. Por iso, o Sergas vai incrementar a actividade extraordinaria co

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

obxectivo de “non só chegar a eses datos senón melloralos”. “A previsión é reducir nun 23% a espera media para consultas e nun 26% para unha operación”, resaltou.

O novo programa de intensificación da actividade asistencial e para reducir os tempos de espera -presentado hoxe no Consello- levarase a cabo como actividade extraordinaria ao longo do ano 2023, a través de liñas específicas que abordan diversos ámbitos. A atención integral á cronicidade, a innovación das modalidades cirúrxicas, o impulso da oitava área sanitaria e o fomento dos programas dirixidos á muller, á infancia, á adolescencia e ás persoas maiores integran, xunto coa autoconcertación tradicional, as liñas de actuación deste plan.

### **Pacientes crónicos: máis de 85.000 consultas de atención primaria e 13.000 consultas adicionais en hospitais**

A atención integral á cronicidade será unha das prioridades do programa, tanto no ámbito da atención primaria como na atención hospitalaria. En atención primaria, citaránse de forma proactiva a pacientes con patoloxías crónicas e/ou pluripatolóxicos que non fosen revisados nos últimos 6 meses.

Programaranse máis de 85.000 consultas a un total de 42.828 pacientes aos cales, segundo o protocolo previsto no programa, a enfermaría realizará unha primeira consulta, que inclúe unha exploración e as probas diagnósticas establecidas -electrocardiograma, analítica ou retinografía-. A continuación, realizarase a consulta médica e programarase unha nova cita de seguimento, coa periodicidade que proceda.

Ademáis, no ámbito da atención integral á cronicidade na atención primaria está prevista a realización de 5.266 técnicas diagnósticas de cirurxía menor por parte dos facultativos de atención primaria -cirurxías menores, informes de retinografías, ecografías ou espirometrías-.

Cando a actividade de seguimento dos pacientes crónicos precise dunha consulta no ámbito hospitalario, a liña de acción inclúe a revisión, por parte dos servizos de Medicina Interna e/ou Xeriatria, das consultas pendentes nas diferentes especialidades hospitalarias para coordinar, unificar e dirixir ao paciente ao servizo máis adecuado á súa patoloxía. Calcúlase que se procesarán 13.104 consultas adicionais por parte dos servizos de Medicina Interna e/ou Xeriatria en Galicia.

### **Oitava área sanitaria: 120.000 informes adicionais de probas diagnósticas**

A Central de Imaxe Médica (Cimed) é unha ferramenta de alta tecnoloxía que facilitará e axilizará os resultados das probas diagnósticas solicitadas polos profesionais de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

atención primaria e hospitalaria. A súa organización potenciarase a través de oitava area sanitaria.

Coa implantación de Cimed prevese a realización de 120.000 informes adicionais de probas diagnósticas.

Esta liña de actuación prevé a habilitación de vías de consultoría de informes de probas diagnósticas co apoio dos servizos hospitalarios coas que se conseguirá maior axilidade.

### **Máis de 4.000 intervencións adicionais nos hospitais comarcais**

O programa de intensificación da actividade asistencial traballará tamén no eido da innovación das modalidades cirúrxicas co obxectivo de que o tempo medio de espera para unha intervención non supere os 55 días. Para iso, poranse en marcha programas e medidas innovadoras.

Así, as áreas cirúrxicas dos hospitais comarcais poranse en xornada extraordinaria, á disposición de calquera profesional da área sanitaria. Estes hospitais contan cunha estrutura axeitada para realizar cirurxía *fast track*. A aplicación de cirurxía mínimamente invasiva, xunto ás novas técnicas anestésicas e de asistencia postoperatoria, reducen o estrés, a dor e o risco cirúrxico e potencian a pronta recuperación do paciente. Os equipos cirúrxicos poderán estar formados por profesionais de hospitais comarcais ou de referencia. Calcúlase a realización dun total de 4.250 cirurxías adicionais nas áreas dos hospitais comarcais en xornada extraordinaria.

Tamén, para reducir os tempos de espera nas intervencións cirúrxicas, prevese a mobilización dos recursos cirúrxicos dispoñibles, de xeito que os hospitais da sanidade pública con dispoñibilidade para realizar determinadas intervencións e que cumpran con certos requisitos, poderán participar en programas de actividade cirúrxica en xornada extraordinaria dirixida a pacientes en lista de espera noutros centros hospitalarios. As especialidades nas que se realizará este apoio serán oftalmoloxía no hospital público de Pontevedra, cirurxía torácica e cardíaca no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e cirurxía pediátrica no hospital da Coruña.

Deste xeito, o hospital de referencia ofrecerá ao paciente a posibilidade de ser intervido noutro centro hospitalario do Sergas en menos de 2 meses. No caso de que o paciente non acepte a intervención, este continuará en situación de espera estrutural, coa mesma antigüidade e prioridade. A través desta modalidade realizaranse ata 300 cirurxías adicionais.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Preto de 600 cirurxías e máis de 6.000 consultas para os nosos maiores de 90 anos**

Outra liña de traballo do programa de intensificación da actividade asistencial será o fomento dos programas dirixidos á muller, á infancia, á adolescencia e ás persoas maiores de 90 anos.

Neste sentido, deseñárase un programa específico para a intervención cirúrxica en menos de dous meses ás persoas de máis de 90 anos. A previsión é a realización de preto de 600 cirurxías aos nosos maiores, e máis de 6.000 consultas adicionais.

Así mesmo, porase en marcha unha vía preferente para realizar probas diagnósticas non urxentes -resonancia magnética ou ecografías- a nenos e nenas de entre 0 e 14 anos, garantindo un tempo máximo de espera de 2 meses e cunha actividade prevista de 2.126 probas.

Tamén, prevese un programa específico para saúde mental da poboación infanto-xuvenil, cun total de 4.118 consultas.

A estas liñas de acción hai que engadir o desenvolvemento dos programas tradicionais de autoconcertación hospitalaria para realizar a actividade extraordinaria en consultas, probas diagnósticas e cirurxía, que este ano 2023 prevén a realización de 20.665 cirurxías, 124.185 consultas e 54.440 probas diagnósticas.

### **Acadar os tempos medios de espera de 2019**

Este programa de intensificación da actividade asistencial concibe o Servizo Galego de Saúde como un hospital único, optimizando a capacidade dos quirófanos dos hospitais comarcais e acelerando a través deles as intervencións de pacientes doutros centros.

Galicia estivo ocupando ata os últimos datos oficiais un dos mellores postos -o terceiro na lista de CCAA- con menos tempo de espera sanitaria. Non obstante, a Xunta quere intensificar a actividade e chegar aos niveis de finais de 2019, cando se rexistrou a cifra máis baixa de toda a serie histórica de Galicia, con 54,5 días de tempo de espera media.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA DE GALICIA CONVERTERÁ EN INTELIXENTES AS HABITACIÓNS DE TODAS AS RESIDENCIAS DE MAIORES PÚBLICAS AUTONÓMICAS

Habilitaranse pantallas táctiles para facilitar a comunicación, implantaranse sensores que permitan detectar algunha incidencia ou colocaranse sistemas de audición e micrófono, no caso de persoas con dificultades de mobilidade

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu hoxe un informe da Consellería de Política Social e Xuventude que detalla a implantación de habitacións intelixentes en todas as residencias de maiores públicas autonómicas da comunidade, grazas á un conxunto de dispositivos tecnolóxicos que faciliten o coidado dos usuarios, promovan a súa autonomía e garantan a súa seguridade.

Así, o Goberno galego destinará máis de 3 millóns de euros para que en todos os dormitorios das residencias da súa titularidade conten con pantallas táctiles que faciliten a comunicación oral e visual do residente co persoal, e para a consulta de datos clínicos por profesionais sanitarios, entre outras características.

Tamén se implantarán sensores que permiten regular a temperatura, a humidade e para saber de calquera incidencia, como por exemplo, para detectar o antes posible se unha persoa cae da cama ou se vai ao baño e tarda en volver. Ademais, aos usuarios que teñan dificultade de mobilidade, colocaráselles un sistema de audición e micrófono no cabeceiro das camas que lles permita, no caso de ser necesario, unha comunicación directa cos profesionais da instalación.

### **Máis de 2000 residentes**

Hai unhas semanas a Xunta de Galicia publicou a licitación desta actuación na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia para que máis de 2000 persoas que viven nunha residencia pública autonómica se beneficien da iniciativa, que procura mellorar o confort dos centros, facelos máis seguros para os maiores e para facilitar o día a día dos traballadores.

Todas estas melloras xa se aplicaban desde o 2021 na residencia pública da Estrada, que funcionou como proxecto piloto e onde demostraron a súa eficacia. Logo dos resultados máis que satisfactorios ampliáranse a todos os centros públicos autonómicos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA CONSTATA O IMPORTANTE INCREMENTO DA FACTURACIÓN DA CADEA FORESTAL MADEIRA ATA CHEGAR AO MÁXIMO HISTÓRICO DE 2.578 M€ EN 2021

- O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre este sector, que estima que a facturación para o 2022 podería chegar aos 2.800 M€
- Galicia consolídase como potencia forestal dentro de España e así, con datos de 2020, o 56 % das cortas de madeira a nivel nacional corresponderon á nosa comunidade
- Este informe enmárcase na Axenda de impulso da industria forestal-madeira, que contempla un orzamento de 55,5 millóns de euros e que prevé mobilizar preto de 140 millóns de euros no reforzo da competitividade e da modernización deste eido

A facturación conxunta dos subsectores principais da cadea de valor forestal madeira de Galicia ascendeu en 2021 a 2.578 millóns de euros. Isto supón un aumento respecto ao 2020 dun 29 % e sitúa a cifra de facturación como máximo histórico da serie desde o 2006. Así o reflicte un informe da Axencia Galega da Industria Forestal -dependente da Consellería do Medio Rural- avaliado hoxe polo Consello da Xunta. No documento, elaborado coa colaboración da Universidade de Vigo, indícase tamén que as estimacións que se poden facer cos datos dos primeiros tres trimestres de 2022 apuntan cara a unha facturación que podería acadar os 2.800 millóns de euros.

Así, o estudo constata que, en xeral, os subsectores da madeira experimentaron grandes incrementos na produción, nas vendas e na facturación dende mediados de 2020 e ata o terceiro trimestre de 2022. Polo tanto, produciuse máis, vendeuse máis e a mellores prezos. Por subsectores, o da fabricación de tableiro e pasta de papel foi o que acadou unha maior facturación en 2021, cun total de 1.115 millóns de euros (un 25 % máis que en 2020). Por volume de facturación, seguíronlle os da segunda transformación de madeira, os rematantes, o serrado e a biomasa.

Con respecto ás exportacións do sector galego, constátase que logo dunha redución no ano 2020, en grande parte pola pandemia, as cifras do mercado exterior no ano 2021 volveron situarse en altos niveis como os de anos anteriores, cun valor que superou os 1.000 millóns de euros, cifra que se prevé superar en 2022.

#### **Aproveitamentos**

En relación coas cortas de madeira na nosa comunidade, o informe reflicte que se manteñen constantes ao longo dos últimos anos. Así, no período 2018-2021 tramitáronse declaracións ou autorizacións de aproveitamentos na contorna dos 10 millóns de metros cúbicos anuais. Esta tendencia mantívose estable no ano 2022, con

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

10,56 millóns de metros cúbicos, o que supuxo un incremento do 2 % en relación co exercicio anterior.

Nesa liña, o estudo avaliado hoxe polo Goberno galego constata que a nosa comunidade se consolida como potencia forestal dentro de España. Desta forma, con datos de 2020, o 56 % das cortas de madeira a nivel nacional corresponderon a Galicia. Por distritos forestais, os do norte da provincia coruñesa acumulan no 2021 os mellores datos, sendo os de Ferrol, Bergantiños-Mariñas Coruñesas e Santiago-Meseta interior os que están á cabeza, con preto de 1,2 millóns de metros cúbicos cada un. Séguelle de preto o distrito da Mariña lucense, con máis de 1 millón de metros cúbicos. Por concellos, en 50 deles aprovéitase a metade de toda a madeira de Galicia. Lidera a lista Ortigueira, na Coruña, seguida da Fonsagrada, Lugo, A Pontenova, Mondoñedo e Friol, todos eles na provincia de Lugo.

A maiores, como dato destacado, por primeira vez neste tipo de informes realizouse unha análise xeográfica das cortas de madeira en Galicia en parcelas forestais de xestión privada. Para iso xeorreferenciáronse case medio millón (488.858) de parcelas catastrais coas declaracións/autorizacións de corta entre 2018 e 2021.

Tamén como novidade relacionáronse os aproveitamentos de madeira en montes de xestión privada coas restricións técnicas (por pendente, tamaño de parcela, fragmentación, distancia a vías) e legais (patrimonio cultural, patrimonio natural, zona de ribeira e policía dos canles fluviais, Camiño de Santiago e outros). Este traballo púidose realizar grazas aos primeiros mapas que se están a obter do Inventario forestal continuo de Galicia.

### **Axenda da industria forestal-madeira**

A elaboración deste informe enmárcase na Axenda de impulso da industria forestal-madeira, que contempla un orzamento de 55,5 millóns de euros e que prevé mobilizar preto de 140 millóns de euros no reforzo da competitividade e da modernización dun sector clave no ámbito rural de Galicia.

Esta axenda é unha folla de ruta deseñada conxuntamente cos principais axentes para potenciar o sector e impulsar a bioeconomía como motor de competitividade, favorecendo unha sociedade saudable, neutra en carbono, baseada no emprego verde e no consumo de produtos locais. Para acadar estes obxectivos, definíronse catro eixes fundamentais, relativos á mellora do capital humano a través da formación, ao impulso da innovación, á cooperación e valorización e á competitividade, desenvolvemento e diversificación do sector.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA